

Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se publica a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas ao proceso de elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico POLIQUETOS, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da Confraría de Pescadores de Muros.

Antecedentes

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027. (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico Poliquetos (PE410A 2024/63-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da Confraría de Pescadores de Muros, establécese como número máximo de participantes para o trienio o de dúas (2) embarcacións e 5 mergulladores habilitados.

Na actualidade o número de embarcacións con poliquetos no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de dúas (2) embarcacións e 4 habilitacións.

2. O 25.03.2025 a Xefatura Comarcal de Ribeira comunicou a proposta á Confraría de Pescadores de Muros, como entidade titular do plan, para proceder á creación dunha lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión e ofertar as cotas de captura vacantes, ata acadar o número máximo de participantes aprobado, de acordo coa orde de prelación que ocupen as embarcación na dita lista.

3. O 01.04.2025 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da Confraría de Pescadores de Muros.

4. No prazo concedido, presentouse unha (1) soa solicitude ao proceso.

Consideracións legais e técnicas



1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. A solicitude presentada valorouse de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

3. A embarcación admitida está incluída no plan de xestión do recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da Confraría de Pescadores de Muros e cumpre os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico poliquetos (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. Este departamento territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta dirección territorial

RESOLVE:

1. Facer pública a lista provisional da puntuación obtida pola embarcación admitida para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da Confraría de Pescadores de Muros (ANEXO I).

Contra a relación provisional de puntuación acadada a persoa interesada poderá presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante o Departamento Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións no se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de selo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial da Coruña e na páxina web <http://mar.xunta.gal/>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Xefatura Comarcal de Ribeira e da Confraría de Pescadores de Muros.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónoma de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, a documentación indicada, deberá presentarse por vía electrónica.

- Para alegacións, a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica.
- Para un recurso de alzada, mediante o formulario xenérico tamén a disposición na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Para dita presentación será necesario identificarse electrónicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinaturas admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

Esta resolución notifícaselle á Confraría de Pescadores de Muros como entidade do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
P. A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada

ANEXO I

RELACIÓN PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS NO PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN DA LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO DE POLIQUETOS, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUROS.

Embarcación	Matrícula e Folio	CFPO	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
A VIDALA UN	CO-6-4-22	100443	0,00	0,00	1,00	1,00

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

A directora territorial. P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024) O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Os epígrafes de cada columna son:

- **Total:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación**

Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como mergulladora en embarcacións que contan coa modalidade do recurso específico de poliquetos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/ mes completo. Non se puntuarán os méritos de formación e experiencia profesional cando a persoa ou algunha das persoas seleccionadas sexan armadoras ou propietarias doutras embarcacións que xa pusúan as modalidades de marisqueo de vara ou de recursos específicos no seu permiso de explotación.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira**

Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15- 35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.





A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos

